Muiñeira ♪ = 114 ♪ (Jota) = ♪ muiñeira.

240. (12) 80) Chamáchesme moreniña (2)
moito ghusto non me dou-e,
/:cada cousa no seu precio VI 2163
na feira nunca sobrau-e.:/

246. 81) Chamáchesme moreniña (2)
i-a vista de tanta xente,
i aghora vaime quedando
moreniña para siempre.

Jota

250. 82) [Carmela] i-a mais Anuncia [?] (2)
puñéronse as dúas xuntas,
/:unha pra face-lo caldo, VI 1863
i-outra p(r)a lava-las cuncas:/

Muiñeira

257. 83) /:O aire ven da Barcala:/ IV 287 (2)
o cardo a mai(+)lo canteiro ?
hache de dar pola cara.

266. 84) Maruxiña tente dreita (2)
que teu pai te quer casar-e.
Tan dereita te queres ter-e VI 1668
qu'o aire te quer levar-e.

Ordes V, 2, Cerceda, Delfina 68 anos, Rosa 64 (sobriña)
Marzal 1980
CD 13, 12 - 13

V 1 1040

V,2,272. 85) /:O maneo é muiñeira,:/ (2)
i-as rapaciñas da Vila
teñen a perna lexeira.

276. 86) As rapaciñas da Vila (2)
non as hei que marmular-e, IV 416
saben toca-lo pandeiro
tamén saben traballar-e.

Jota

280. 87) Ahí veñen os de Rodís-e (2)
a mai(+)los de San Vicenzo, IV 549
/:veñen ás mozas á Vila
ie veñen perde-lo tempo.:/
Ai la... (volta)

296. 88) I aghora que me puxeches (2)
a barrighiña redonda,
/:ou t'has de casar comigho
ou m'has de volve-la honra:/

(E vira, e revira, e volve a virar.. (2)

306. 89) Cuando paso por tu puerta (2)
cojo pan y voy comiendo
/:pa que no digha tu madre VI 6740
que con verte me mantengo:/

318. 90) Todos los santos son buenos, (2)
como San José, ninguno,
/:porque floreció su vara
i-á vista de todo el mundo.:/
Ai la .... (volta)